

**2018 Asemblea Xeral Extraordinaria Nova Presidencia
 CLUBE DE MONTAÑA XISTRA**

Acta da Asemblea Xeral Extraordinaria do CLUBE DE MONTAÑA XISTRA realizada o 14 de decembro de 2018, ás 19:00 horas, no local social.

ORDE DO DÍA

- 1.- Toma de posesión do Presidente electo.
- 2.- Constitución da Xunta Directiva do CLUBE DE MONTAÑA XISTRA.

ASEMBLEA

1.- Toma de posesión do Presidente electo.

A Xunta Directiva do CLUBE DE MONTAÑA XISTRA procedeu a iniciar un proceso electoral con data **26/11/2018** do que deuse comunicación, mediante correspondencia, ós socios e á Federación galega.

O regulamento electoral establecía o seguinte:

"Tódolos socios poden ser elixidos e poden elixir se cumpren os seguintes criterios: ter máis de 18 anos o día das votacións, estar en plena capacidade de obrar libremente como persoa física, non ter aberto expediente inhabilitador, e ter licenza federativa do ano en curso e do precedente, ambas tramitadas dende CLUBE DE MONTAÑA XISTRA."

O calendario electoral foi o seguinte:

26/11/18	Convocatoria de Eleccións: Inicio proceso electoral. Exposición do Censo Electoral: estará dispoñible no taboleiro de información do club. Comezo do prazo de presentacións de reclamacións ó Censo.
28/11/18	Sorteo entre o Censo para a elección dos Membros da Xunta Electoral (3 persoas). Finalización do prazo de presentación de reclamación ó Censo. Notificación e toma de posesión dos Membros da Xunta Electoral.
29/11/18	Resolución pola Xunta Electoral das impugnacións ó Censo. Apertura de admisións de candidaturas para Presidente do club.
03/12/18	Peche de admisión de candidatos. Publicación de candidatos no taboleiro de información do club. Inicio do prazo de impugnación de candidaturas.
04/12/18	Finaliza o prazo de impugnación de candidaturas.
05/12/18	Resolución pola Xunta Electoral dos recursos sobre candidaturas e publicación da listaxe definitiva de candidatos no taboleiro de información do club.
10/12/18	Eleccións. Ás 18:00 horas inicio das votacións. 22:00 horas fin das votacións e reconto. Escrutinio e resolución. Listaxe provisional de resultados. Inicio do prazo de reclamacións do proceso de eleccións.
11/12/18	Fin do prazo de reclamacións.
13/12/18	Estudo pola Xunta Electoral das reclamacións e resolución das mesmas. Publicación definitiva dos resultados.
14/12/18	Asemblea Xeral Extraordinaria para toma de posesión do novo Presidente electo.

Tamén foi comunicado que no caso de que o día 05/12/2018 só existise unha candidatura, está sería considerada como electa e remataría o proceso electoral nese momento.

Dado que o día 05/12/2018 só fóra presentada a candidatura de **Don Xosé Henrique Freixeiro Cameselle**, sen haber máis candidatos nin oposición polos socios, é aceptada como electa por unanimidade dos socios asistentes a esta Asemblea; así mesmo, neste acto o socio electo toma posesión plena do cargo de Presidente do CLUBE DE MONTAÑA XISTRA por un novo mandato ata o próximo ano Olímpico de Inverno.

2.- Constitución da Xunta Directiva - CLUBE DE MONTAÑA XISTRA.

O reelixido Presidente toma a palabra para anunciar a constitución da nova Xunta Directiva:

Presidente	Xosé Henrique Freixeiro Cameselle
Vicepresidenta	María Luísa Martínez Bello
Secretaría Xeral	M ^a Begoña Landesa Torrado
Tesoureira	Henar de Diego de Diego
Director Técnico	Raúl Leirós Gutiérrez
Vogal Barrancos	Antonio Paredes Chapela
Vogal Carreiras Montaña	Angel González Iglesias
Vogal	José Carlos Senovilla Sanz
Vogal	José Miguel Merino Encinas

Acórdase comunicar este cambio á **Federación Galega de Montañismo** e á **Xunta de Galicia**.

Así mesmo acórdase notificar e autorizar nas entidades bancarias que procedan os trocos de sinaturas dos representantes de CLUBE DE MONTAÑA XISTRA e, asemade, establecer 3 (tres) autorizados ante as mesmas con sinatura mancomunada dous a dous.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 20:00 horas.

De todo isto, eu, **D./na M^a Begoña Landesa Torrado**, como Secretario/a da Asemblea e novo/a Secretario/a Xeral do CLUBE DE MONTAÑA XISTRA e co visto e prace do Sr. Presidente, dou fe.

V^oP^a
O Presidente

Secretario/a da Asemblea

Xosé Henrique Freixeiro Cameselle

M^a Begoña Landesa Torrado